

Ler é comprender

A escola ten a obriga de dotar ao alumnado da competencia lectora suficiente para comprender. Nas aulas temos que desenvolver a competencia lectora do alumnado. Cada persoa é un lector individual concreto que se desenvolve en situación concretas de aprendizaxe.

O que non se comprende non suscita simpatía, pola contra, produce rexeitamento. Unha persoa pode perder as ganas de aprender a causa de non comprender.

As estratexias que se empregan para o desenvolvemento da competencia lectora no alumnado están unidas a procesos cognitivos e mentacognitivos. Esas estratexias ensínanse e precisan estar organizadas ao longo do desenvolvemento do currículo.

Víctor Moreno proponnos catro estratexias básicas: memorizar, interpretar, valorar e organizar os textos que se len. Estes textos poden ser: argumentativos, narrativos, expositivos, poéticos, instrutivos, descritivos.



Como desenvolver estas estratexias?

1. **Memorizar:** Para desenvolve-la pódense presentar actividades tales como recordar palabras claves ou fundamentais, datos illados, datos coordinados...
2. **Interpretar:** Adiviñar que di o título, quen é o emisor, o destinatario, a finalidade do texto, explorar a mensaxe, asociar ideas cos parágrafos do texto, ordenar, clasificar, extraer grupos de información, informarse de algo, captar o sentido dun parágrafo, obter ideas principais e secundarias, predicir o que acontecerá, extraer conclusións.
3. **Valorar:** Captar o sentido do lido, diferenciar o verdadeiro do falso, o real do imaxinario, clasificar ideas, feitos, buscar datos, relacionar entre si os elementos textuais, seleccionar a mellor frase..
4. **Organizar:** Elixir un título para cada parágrafo, establecer consecuencias, seguir ordes e aplicar instrucións, facer esquemas, resumir

Lectura e escritura

Crese erroneamente que a lectura é máis doada que a escrita. Tabucci dinos que a lectura é máis complexa que a escrita porque ten máis variantes e un abano máis amplo de posibilidades. A lectura é un acto intelectual ás veces menos consciente, parece que esixe menos esforzo físico, pero sempre que nos pomos diante dun texto estamos tratando de descifrar e interpretar o que outra persoa escribiu. Na escrita, porén a persoa que escribe controla o seu propio discurso levando as rendas.

Cando lemos realizamos actividades máis complexas que cando escribimos, actividades intelectuais, psicolóxicas, afectivas, sociais, de modo que o acto de ler resulta moito máis complexo que o de escribir. As investigacións levadas a cabo neste ámbito conclúen que os comportamentos lingüísticos do alumnado varían moito segundo lean ou escriban.

Nalgún momento pensouse que previo á escritura estaba a lectura, agora sábese que se pode chegar a escribir antes que a ler. Pódese pasar da oralidade á escrita, e desta á lectura.

Tanto para mandar ler como escribir temos que ser conscientes da meta que pretendemos conseguir. O alumnado ha de coñecer cal é a finalidade tanto do que escribe como do que le convertido deste xeito, lectura e escritura en actos conscientes.

Para profundar sobre estas ideas propómosche a lectura do seguinte artigo de Víctor Moreno Bayona:

http://www.oei.es/fomentolectura/lectores_competentes_moreno_bayona.pdf